

PLAN ANUAL

DEPARTAMENTO
ORIENTACIÓN

CPI PADRENDA-CRESPOS

CURSO 2016/2017

INDICE

	Pax.
1. XUSTIFICACIÓN	3
2. MARCO LEGAL	3
3. DESCRICIÓN DO CENTRO E DO SEU ENTORNO	4
4. ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO	6
5. FUNCIÓNS DO DPTO. DE ORIENTACIÓN	7
6. FUNCIÓNS DA XEFATURA DO DPTO.	7
7. COMPOSICIÓN DO DPTO.	8
8. OBXECTIVOS XERAIS	9
9. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS	9
10. AVALIACIÓN	11
11. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	13
12. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL (POAP)	18
13. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)	22
14. ACTIVIDADES PLAN LECTOR.	25
15. ACTIVIDADES PLAN TIC.	25
16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	25
ANEXO PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS	26
ANEXO PROGRAMA DE TÉCNICAS DE ESTUDIO	32
ANEXO ACTIVIDADES PAT	36

1. XUSTIFICACIÓN

A *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación* (LOE) dentro dos seus principios educativos define claramente que todas as persoas teñen dereito a unha educación de calidade, nunha escola inclusiva e compensadora das diferenzas ou desigualdades. E nesa escola, que debe ser flexible e promotora de valores democráticos, a orientación educativa e profesional enténdese como un “método necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores”.

A mesma LOE, no seu artigo 2º, considera como un dos fins da educación o prestar unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza, incluíndo entre estes factores a orientación educativa e profesional.

Pódese dicir que a orientación é un recurso necesario para a inclusión e para a mellora.

No Título II, **Equidade da Educación**, remarca a especial atención que dentro da escolaridade obrigatoria, han de ter as medidas de atención á diversidade, deixando de ser unha medida que responde ás necesidades dunha parte do alumnado para pasar a ser unha necesidade de todo o alumnado e de todas as etapas educativas, converténdose, polo tanto no principio reitor desta actividade.

No capítulo III, referido á **Educación Secundaria Obrigatoria** e dentro dos seus principios xerais di que nesta etapa prestarase especial atención a orientación educativa e profesional do alumnado. Do mesmo xeito considérase (artigo 26) un principio pedagóxico que corresponde ás Administracións educativas o promover as medidas necesarias para que a titoría persoal dos alumnos e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional, constitúan un elemento fundamental na ordenación desta etapa.

No artigo 91 inclúese como unha das funcións do profesorado a orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados.

No artigo 157, Recursos para a mellora dos aprendizaxes e apoio ao profesorado, inclúe a existencia de servizos ou profesionais especializados na orientación educativa, psicopedagóxica e profesional.

A atención educativa debe garantirse dende as primeiras idades do alumnado para permitir a prevención e detección temperá das súas dificultades no desenvolvemento persoal e de aprendizaxe.

Así, enténdese a Orientación como un proceso que inclúe a toda comunidade educativa, que comeza dende a escolarización do neno/a e remata o fin da ensinanza non Universitaria.

2. MARCO LEGAL

As referencias legais que enmarcan este Plan do Departamento de Orientación son as seguintes:

- **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, texto consolidado.**
- **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.**

TÍTULO PRELIMINAR: PRINCIPIOS E FINS.

“A orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación especializada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores” (art. 1.f).

TÍTULO I, CAPÍTULO II. EDUCACIÓN PRIMARIA

“No conxunto da etapa, a acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado” (art.18.6)

“Nesta etapa porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo...” (art.19).

TÍTULO I-CAPÍTULO III (ESO)

“Na ESO prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado”(art..22.3).

“corresponde ás Administracións educativas o promover as medidas necesarias para que a titoría persoal dos alumnos e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional, constitúan un elemento fundamental na ordenación desta etapa”(art..26.4)

TÍTULO III-PROFESORADO

Son funcións do profesorado “A titoría de alumnos, a dirección e orientación da súa aprendizaxe en colaboración coas familias” (art.91.c) e a “orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados” (art. 91.d)

“Os programas de formación permanente deberán contemplar todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, titoría, atención educativa á diversidade e organización encamiñados a mellora-la calidade da ensinanza e o funcionamento dos centros.” (102.2).

- **Decreto 120/1998, do 23 de abril**, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, o cal sinala que se concibe a orientación dende dúas perspectivas: como unha atención individualizada levada a cabo por profesionais, e como un ámbito máis da función docente, como proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, comezando na escolarización do alumnado ata o remate do ensino non universitario, un proceso global que abarca o desenvolvemento persoal, os procesos de ensino-aprendizaxe e a toma de decisións que capacite ó alumnado para optar de xeito responsable pola modalidade académica ou profesional máis axeitada ás súas características e intereses.
- **Orde do 24 de xullo de 1998**, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia regulada no Decreto 120/1998, e na que se determinan os equipos de orientación específicos como servizos externos de orientación, e os departamentos de orientación e titores/as coma servizos internos da orientación educativa.
- **Orde do 27 de decembro de 2002** pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
-
- **Circular nº 18/2007** das Direccións xerais de Ordenación Educativa e Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- **Circular 8/2009** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan as medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación secundaria Obrigatoria.
- **Circular 10/2010** pola que se ditan instrucións da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa e Profesional na Comunidade autónoma de Galicia.

3. DESCRICIÓN DO CENTRO E DO SEU ENTORNO.

3.1 ENTORNO DO CENTRO

Localización xeográfica.

O Centro Público Integrado de Educación Infantil, Primaria e ESO de Padrenda-Crespos está situado na localidade de San Roque de Crespos, concello de Padrenda. Limita ao Norte con Crecente, Pontedevea e Gomesende, ao Sur e ao Oeste con Portugal e ao Este con Quintela de Leirado.

A extensión do concello é aproximadamente de 57 Km² e conta cunha poboación aproximada de 3.000 habitantes.

O concello atópase a uns 30 Km de Celanova, a 32 Km de Bande e a 40 Km de Ribadavia. As comunicacións con este enclaves melloraron moito nos últimos anos, deixando de ser un concello bastante illado dentro dun enclave rural.

A nivel xeográfico pódese definir a zona como unha zona rural, onde predomina a media-baixa montaña e os vales, cun relevo moi fragmentado. O clima da zona atópase condicionado por dous axentes xeográficos que son: O Miño e o seu val e o factor altitude. Podendo falar de dúas variedades climáticas: clima oceánico de montaña, con variabilidade pluviométrica e o clima oceánico mediterráneo, con tendencia á aridez estival.

Ámbito socioeconómico e cultural da zona.

No terreo socioeconómico mencionar que a poboación presenta unha evolución irregular, o que vai a repercutir en grandes diferenzas a nivel rendas familiares.

As actividades do sector primario, que anteriormente ocupaban á maioría da poboación, perden importancia a favor do sector secundario, especialmente cara a aquelas industrias dedicadas á construción. No sector industria, funcionan varias explotacións madeireiras e varias canteiras.

O paro ten unha gran incidencia, afectando especialmente as persoas con idade comprendida entre 25 e 40 anos. A consecución directa desta situación e a presenza de rendas familiares moi baixas, subsistindo moitas familias grazas a pensións sociais.

Sinalar que froito deste escaso desenvolvemento económico é o elevado índice de emigrantes na zona, sobre todo cara Europa (concretamente Suíza).

Outro aspectos a destacar é o feito de que o concello atópase na fronteira con Portugal, a escasos Km. de Melgaço, o que fai que debamos ter en conta outro fenómeno social de gran importancia para noso centro, a inmigración portuguesa cun certo número de matrimonios luso-galegos. Esta situación tamén condiciona en moitos alumnos/as a comprensión e expresión da lingua, ao confluír tres idiomas: Galego, Portugués e Castelán.

Idioma. Nesta zona conviven tres linguas diferentes: galego, castelán e portugués, pero debemos sinalar que a predominante é a lingua galega, si ben existe unha porcentaxe reducido que emprega o castelán habitualmente.

Servizos. Nesta localidade dispónse entre outros dos seguintes servizos: Centro médico en San Roque de Crespos e consultorio na localidade da Notaria; Casa da cultura; Farmacia (na localidade da Notaria e cunha axencia en San Roque); campos de fútbol, pavillón de deportes e pistas polideportivas, piscinas e complexo recreativo; Biblioteca municipal dotada de ordenadores con acceso a internet.

3.2 O CENTRO

Edificios e equipamento:

O edificio consta de dúas partes, unha anterior a 1998 e unha ampliación datada neste ano para acoller aos alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria. A construción consta dunha planta baixa máis dous andares. Na planta baixa está situado o comedor e a cociña, a sala de profesores, unha para recibir aos pais/nais e máis as dependencias do equipo directivo e do departamento de orientación. No primeiro andar atópanse as tres aulas de educación Infantil, tres aulas de primaria, a aula de apoio de primaria e secundaria, a aula de AL, a biblioteca, a sala de audiovisuais, a aula de Informática, a aula de música, o departamento de primaria e relixión, e dúas aulas de Secundaria (1º e 2º). No segundo andar atópanse tres aulas de primaria (4º, 5º e 6º), dúas aulas de secundaria (3º e 4º), os departamentos de ciencias e letras, a aula de tecnoloxía e a de plástica.

Ademais do edificio principal hai que sinalar a existencia dun patio, distintos espazos de lecer, e un pavillón.

Entre o material co que conta o centro está: tres fotocopiadoras, reprodutores de CD, proxectores de diapositivas, ordenadores, encerado dixital interactivo, retroproxectores, T.V.e vídeo, dous aparatos reprodutores de DVD, canóns de vídeo etc.

Ensinanzas que se imparten:

Impártense as ensinanzas correspondentes ás seguintes etapas:

- Educación Infantil (2º ciclo).
- Primaria.
- ESO .

Optativas que oferta o centro na ESO:

TODOS OS CURSOS	Relixión ou Valores éticos
3º curso:	Matemáticas aplicadas ou Matemáticas académicas Segunda Lingua Estranxeira ou Cultura Clásica

<p>4º curso:</p>	<p>2 OPCIONS :</p> <p>1) ENSINANZAS ACADÉMICAS ORIENTADAS AO BACHARELATO</p> <p>Dentro desta opción elixen 2 de entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> * Bioloxía e Xeoloxía * Economía * Física e Química * Latín <p>2) ENSINANZAS APLICADAS ORIENTADAS Á FP</p> <p>Dentro desta opción elixen 2 de entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> * Ciencias aplicadas á actividade profesional * Iniciación á actividade emprendedora e empresarial * Tecnoloxía <p>NAS DÚAS VÍAS ELIXEN 2 ENTRE AS ESPECÍFICAS DE OPCIÓN:</p> <p>Artes escénicas e Danza Cultura Clásica Educación Plástica e Visual Cultura Científica Filosofía Música Segunda Lingua Estranxeira TIC</p>
-------------------------	---

3.3 ALUMNADO

Acceso: A gran maioría dos alumnos/as acceden ao centro no transporte escolar, e procede das parroquias que integran o Concello de Padrenda: O Condado, Desteriz, Monterredondo, Padrenda, A Torre e Gorgua; e o Concello de Pontedeiva: Trado e San Breixo de Pontedeiva.

No presente curso o número de alumnos é alumnas do centro é de 127, distribuídos do seguinte xeito:

ETAPA	CURSO	Nº ALUMNOS/AS
EDUCACIÓN INFANTIL	4º	6
	5º	3
	6º	7
	SUBTOTAL	16
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º	10
	2º	3
	3º	11
	4º	10
	5º	10
	6º	7
	SUBTOTAL	51
EDUCACIÓN SECUNDARIA	1º	7
	2º	19
	3º	15
	4º	8
	SUBTOTAL	49
	TOTAL	116

3.4 PERSOAL

Docente

No centro traballan 26 profesores/as pertencentes ao corpo de mestres e ao corpo de profesores de ensino secundario. Na súa maioría contan con destino definitivo no centro e viven noutras localidades (especialmente Vigo, Ourense e Celanova).

Non docente

- Persoal coidador.
- Conserxe.
- Administrativo.
- Persoal de cociña (un cociñeiro e dous auxiliares de cociña).

4. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

A. ORGANOS DE GOBERNO.

- **UNIPERSONAIS:** Directora, Secretaria e Xefatura de estudos de EP e de ESO.
- **COLEXIADOS:**
 - **Claustro de Profesores.** Formado no presente curso por 27 profesores.
 - **Consello Escolar:** Formado polos catro membros do equipo directivo, seis profesores, tres representantes de alumnos, tres representantes dos pais e nais, un representante do persoal non docente e un representante do Concello.

B. ORGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

- **Comisión de Coordinación Docente:** directora, xefas de estudos, coordinadores de ciclo (4), xefes dos departamento de ESO, mestras de PT, e xefa do equipo de dinamización lingüística.
- **Equipo de Actividades extraescolares,** coordinado por unha profesora.
- **Departamentos didácticos** (unipersoais).
- **Departamento de orientación.**

C. COMISIÓNS MIXTAS:

- Comisión Económica.
- Comisión de Biblioteca.
- Observatorio da Convivencia.

C. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO ALUMNADO

- Delegados de grupo (5º e 6º de primaria, e un por cada grupo de secundaria).
- Xunta de delegados de grupo.

D. ASOCIACIÓN:

- ANPA, cun presidente o fronte e dous vocais.

5. FUNCIÓNS DO D. DE ORIENTACIÓN

a) Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención do seu ámbito de actuación.

b) Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ó profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

c) Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.

d) Deseñar accións encamiñadas á atención temperá, se é o caso, do seu alumnado e o dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e alumnas.

e) Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ó respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

f) Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e enfronta-los momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.

g) Informa-lo alumnado dos recursos laborais e profesionais ó seu alcance e propoñe-la realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.

h) Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.

i) Impulsa-la participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.

l) Promove-la cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, á construción do autoconcepto e da autoestima e no proceso de toma de decisións.

m) Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

6. FUNCIÓNS DA XEFATURA DO DEPARTAMENTO

1. A xefatura dos departamentos de orientación terá as seguintes funcións:

a) Representa-lo departamento na comisión de coordinación pedagóxica.

b) Dirixir e coordina-las actividades e actuacións propias do departamento e facilita-la colaboración entre os seus membros.

c) Responsabilizarse da redacción do plan anual do departamento e velar polo seu cumprimento; así como da elaboración e redacción da memoria final de curso.

- d) Convocar e presidi-las reunións ordinarias do departamento e as que con carácter extraordinario fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.
- e) Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.
- f) Coordina-la organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- g) Realiza-las avaliacións psicopedagóxicas do seu centro e, se é o caso, as dos centros que lle sexan adscritos, así como asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento e criterios establecidos no proxecto curricular do centro e responsabilizarse, cando cumpra, da elaboración do informe psicopedagóxico.
- h) Coordina-las accións dos profesores de apoio na atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando ó xefe de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- i) Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.

7. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

De acordo co establecido no artigo 38 do decreto 7/1999 do 7 de xaneiro, o departamento de orientación está formado polos seguintes membros:

- Nuria Penedo Taboada (coordinadora de E.I.).
- Paula Lorenzo Ruiz (mestra especialista en pedagogía terapéutica de E.P.) (Substituta: Susana Martinez Suarez)
- Raquel Espantoso Pombo (mestra especialista en audición e linguaxe).
- Luis Antonio Pazos Montes (titor do ámbito científico - tecnolóxico).
- Carmen Blanco Sieira(titora do ámbito lingüístico - social).
- Andrea Carrasco Guerra (mestra especialista en pedagogía terapéutica para ESO).
- Ariana Fernandez Alvarez (xefa do departamento de orientación).

* Coa entrada en vigor da Lei 8/2013 desaparece a figura de coordinador/a de ciclo en EP.

Reunións:

- Unha reunión semanal coas Profesora de PT e AL para seguimento e coordinación das medidas de atención á diversidade aplicadas ao alumnado (Plan de atención á diversidade).
- Unha reunión mensual co profesorado titor da ESO para a planificación, seguimento e avaliación do Plan de acción tutorial.
- Unha reunión mensual (segundo o establecido na orde de 23 de Xuño 2011 e orde 4 de Xuño 2012 que a modifica pola que se regula a xornada de traballo do profesorado) do departamento de Orientación para o seguimento e avaliación do Plan de Orientación e o cumprimento das funcións que se establecen no artigo 6º do Decreto 120/1998.

Horario da xefa do departamento de orientación no curso 2016-2017:

HORAS	LUNS	MARTES	MERCOR.	XOVES	VENRES
9:10-9:40	garda transporte				garda transporte
9:40-10:30	garda		garda		orientación
10:30-11:20	orientación	orientación	orientación		orientación
11:20-12:10	orientación	orientación	orientación	At pais/nais	orientación
RECREO	orientación	orientación	At. alumnado		At alumnos
12:35-13:25		Xefatura dpto	orientación	orientación	
13:25-14:15		orientación		orientación	
COMEDOR					
14:55-15:35				garda	
15:35-16:15				orientación	
15:15-16:15		garda			

8. OBXECTIVOS XERAIS DO DPTO. DE ORIENTACIÓN

Os obxectivos xerais que o D. de Orientación asume pódense concretar fundamentalmente nos seguintes:

- a) Contribuír a personalizar da educación favorecendo o desenvolvemento de tódolos aspectos da persoa concreta e individualizada.
- b) Planificar, coordinar e desenvolver as actuacións que se organicen no centro para atender a diversidade do alumnado, tanto nas súas capacidades, intereses e motivacións como nas diferenzas que poidan darse entre eles debido a súa orixe social e cultural.
- c) Promover a adecuada interacción de tódolos integrantes da comunidade educativa: profesorado, familias e alumnado.

Favorece-los procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores.

9. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS

Seguindo os criterios especificados na circular 10/2010 pola que se ditan instrucións da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa e Profesional na Comunidade autónoma de Galicia, establécense as seguinte liñas de actuación:

1. Actuacións relacionadas coa inclusión e a diversidade:

- Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención a diversidade e a acción tutorial.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz das dificultades de aprendizaxe.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumno.
- Asesorar aos departamentos, equipos de ciclo e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso y/o ciclo, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con NEE de apoio educativo.

2. Relacionadas coa acción tutorial:

Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no PAT, asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, cambios de centro e participación na organización e no goberno dos centros.

3. Relacionadas coa convivencia e a educación en valores:

Poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos, asesorando no plan de convivencia do centro.
Asesorar a comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento do centro.

4. Relacionados co plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso:

Manter actualizado o plan de orientación.
Realizar a memoria anual de cada curso.

5. Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade:

Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro.
Asesorar sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo

6. Actuacións relacionadas coa aprendizaxe e as saídas profesionais:

Informar ao profesorado, ao alumnado e ás familias sobre a inserción profesional, as oportunidades do mundo laboral, o autoemprego, as necesidades do contorno produtivo.
Asesorar sobre a importancia da formación ao longo da vida para a mellora profesional ou para incorporación o mercado laboral.

7. Relacionadas coa coordinación dos departamentos de orientación:

Promover a coordinación cos departamentos de Orientación dos centros do noso entorno.

Especialmente co CEIP Otero Novas de Cortegada, xa que algúns dos seus alumnos incorpóranse ao noso en 1º de ESO; e co IES A Cañiza onde curan estudos de ensinanzas post-obrigatorias os alumnos que rematan a etapa da ESO no noso centro.

8. Relacionadas coa atención á diversidade e coa circular 8/2009:

Asesorar a comunidade educativa sobre os programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas, programas de recuperación, programas específicos personalizados,...

Asesorar ao conxunto da comunidade educativa sobre o resto de medidas de atención á diversidade.

Estas prioridades, en función dos seus destinatarios concréntanse nas seguintes actuacións:

Co alumnado:

- Realización de avaliacións psicopedagóxicas cando sexan demandadas.
- Elaboración ou actualización de informes para aqueles alumnos/as que se lle detecte necesidades educativas.
- Detección de dificultades de aprendizaxe e establecemento de medidas de apoio (reforzo educativo, adaptación curricular.
- Seguimento do proceso educativo e as medidas de atención á diversidade adoptadas en colaboración coas profesoras de P.T., titores/as e profesores/as de grupo e área (adaptacións curriculares, agrupamentos específicos, programas de reforzo...)
- Deseño e desenvolvemento de actividades relativas á orientación persoal, escolar e vocacional/profesional do alumnado, así como o seu proceso de inserción e participación no grupo e na dinámica xeral do centro, a través do Plan de Atención á Diversidade, Plan de Acción Titorial e Plan de Orientación Académico-Profesional.
- Colaboración cos titores/as na planificación e realización de actividades de tutoría na ESO, orientadas ao autoconecemento, hábitos saudables, convivencia, transversalidade, ecoloxía, hábitos e técnicas de estudo, coeducación, dinámica de grupos.
- Atención a necesidades de ámbito psicosocial e familiares, en coordinación cos servizos sociais, equipo de orientación específico e unidades de atención psicolóxico-psiquiátricas.
- Asesoramento e apoio puntual e individual segundo as demandas e necesidades.

Co profesorado:

- Implicar o centro e o profesorado no desenvolvemento da orientación educativa véndoa nas súas tres fases: prevención, continua e formativa.
- Propiciar, entre os titores, o coñecemento das funcións da tutoría e a súa implicación nas tarefas da acción tutorial.
- Colaborar nas avaliacións iniciais cos profesores e asistir as sesións de pre-avaliación, presididas polos titores, e encamiñada á detección de dificultades de aprendizaxe.
- Manter reunións periódicas cos titores e coas xefas de estudos para tratar os temas relacionados coas dificultades de aprendizaxe.
- Asesoramento ó profesorado que o demande en tarefas educativas e de seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe, facilitándolles instrumentos e orientacións para as súas actuacións.
- Asesoramento e entrega de instrumentos e materiais aos/ás profesores/as de P.T., e ao profesorado implicado na elaboración de ACS e Reforzo Educativo aos alumnos.
- Colaboración coas xefaturas de estudos na adxudicación das tutorías, seguindo os criterios establecidos no Proxecto Educativo de Centro.
- Revisión periódica do PAT establecendo, coa colaboración dos titores, os criterios que deberán orientar o traballo que se realice nas tutorías ao longo do curso e segundo as necesidades detectadas en cada grupo.
- Deseño do POAP segundo os procedementos recollidos no PAT.

Coas familias:

- Propiciar a mellora da comunicación entre a familia e a escola, fomentando a participación dos pais e nais na dinámica do centro e nos procesos de enseñanza aprendizaxe dos seus fillos, isto último a través das sesión de tutoría e con accións informativas e formativas.
- Colaborar na programación e desenvolvemento da reunión inicial xunto cos titores de ESO.
- Entrevistas individuais, como medio de intercambio de información, sobre o proceso educativo e de relacións dos seus fillos/as.
- Implicación no proceso de aprendizaxe, sobre todo, no caso de alumnado con NEE e NEAE.
- Colaboración no seguimento e apoio do proceso educativo e na orientación sobre o futuro académico e profesional, así como sobre temas específicos da educación dos seus fillos.
- Reunións informativas sobre os itinerarios educativos ofertados no centro e a orientación académica e profesional ó termo da ESO.
- Programación en colaboración coa ANPA de diferentes charlas que se organicen para eles.

Co Centro:

- Asistencia ás reunións de avaliación.
- Representar ao departamento na C.C.P.
- Asesoramento sobre modificación de diferentes documentos de centro. No presente curso está previsto reformar o Regulamento de Réxime Interno e o Proxecto Educativo de Centro.
- Colaboración e asesoramento na posta en práctica das propostas de mellora que con respecto aos resultados da avaliación de diagnóstico se propoñan dende a comisión de coordinación da avaliación, pasando pola CCP, Claustro, Consello escolar e PXA.

Con outras institucións:

- Colaborar cos profesionais dos Servizos Sociais do concello de Padrenda e Mancomunidade Terras de Celanova (á que pertence o Concello de Pontedeva) no desenvolvemento de actividades e programas de carácter preventivo para alumnado e familias, e no intercambio de información sobre o alumnado e as súas familias, prestando especial atención a familias con problemática socio-familiar, aos casos de absentismo escolar e alumnado con NEAE.
- Colaborar co Equipo de Orientación Específico de forma coordinada, na avaliación psicopedagóxica, e no desenvolvemento de programas de intervención.
- Establecer canles de participación e colaboración cos Orientadores dos centros máis próximos: CEIP Otero Novas de Cortegada e IES de Cañiza, Celanova e Ribadavia.
- Contacto e colaboración con outros servizos da zona (centro de saúde, gabinetes privados,...).
- Contacto cos servizos da Unidade Infanto-Xuvenil de atención psicolóxica e psiquiátrica do Complexo Hospitalario de Ourense.
- Contacto con organismos de emprego, consellerías, universidades...

Estas actuacións levaranse a cabo a través dos seguintes plans:

- Plan de Atención á Diversidade (PAD).
- Plan de Acción Titorial (PAT).
- Plan de Orientación Académico Profesional (POAP).
- Programa de Habilidades Sociais.

10. AVALIACIÓN

A avaliación do plan anual de orientación terá carácter formativo, polo que contemplará momentos distintos pretendendo así favorecer unha avaliación global:

a) avaliación inicial: Recollida de datos para a detección de necesidades, realizada a través de: as suxestións aportadas nas reunións do D.O., da C.C.P., dos departamentos didácticos, da aplicación de distintos instrumentos, etc.

b) avaliación continua: Trátase do seguimento da implementación do plan de orientación, teremos que recoller información das reunións cos profesores-titores, coa C.C.P., do propio D.O., etc.

c) avaliación final: Realización dunha memoria cos datos aportados polos distintos implicados no plan de orientación (Orde do 24 de xullo de 1998). Esta memoria incluirá:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumprimento;
- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos;
- As dificultades atopadas;
- Os factores que influíron nas dificultades;
- Os aspectos que será preciso modificar e mellorar;
- As propostas de innovación necesarias;

Será esta unha avaliación na que recolleremos información de todos os participantes no deseño e posterior implementación da programación.

Criterios de avaliación:

- Grao de consecución dos obxectivos do Plan de Orientación.
- Nivel de implicación da comunidade educativa, en especial do profesorado.
- Grao de colaboración dos titores/as.
- Incremento do rendemento do alumnado.
- Nº de casos detectados con NEAE e redución das súas necesidades.
- Nº de contactos e grao de colaboración cos axentes sociais.
- Suficiencia dos recursos materiais e persoais dispoñibles.
- Grao de motivación e satisfacción persoal.

En relación aos **instrumentos** de avaliación empregados, estes son os seguintes, tendo en conta que utilizaremos unha metodoloxía mixta (técnicas cualitativas e cuantitativas):

- Observación participante e rexistrada.
- Entrevistas abertas e semiabertas.
- Cuestionarios.
- Análise de documentos (expedientes, documentos do propio centro, etc.).
- Diarios de aula.
- Outros.

11. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PAD)

INDICE

1. INTRODUCCIÓN
 2. OBXECTIVOS
 - 2.1 Obxectivos xerais
 - 2.2 Obxectivos específicos
 3. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE
 - 3.1 Medidas preventivas
 - 3.2 Medidas ordinarias.
 - 3.3 Medidas extraordinarias.
 4. ACTIVIDADES
 - 4.1 Actividades respecto ao profesorado
 - 4.2 Actividades respecto ao alumnado
 - 4.3 Actividades respecto ás familias
 - 4.4 Outras actividades
 5. RECURSOS
 6. AVALIACIÓN
-

1. INTRODUCCIÓN

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

O presente plan ter por obxecto facilitar a atención á diversidade do alumnado, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumna e alumno e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolle a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos nas ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOE).

Principios xerais de actuación:

A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

A atención á diversidade abrangue á totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.

Todas as decisións que se adopten a nivel de centro de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión terán en conta a atención á diversidade.

As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario e contarán coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa.

Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador.

As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais que propoñemos fan referencia as necesidades que atopamos no noso centro e co noso alumnado.

2.1 OBXECTIVOS XERAIS

- Optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Contribuír á personalización da educación, favorecendo o desenvolvemento de tódolos aspectos da persoa concreta e individualizada.
- Evitar na medida do posible fenómenos indesexables como os de abandono, fracaso e inadaptación escolar.
- Axustar a resposta educativa as necesidades particulares dos alumnos/as mediante as oportunas medidas de atención a diversidade.
- Previr as dificultades de aprendizaxe e asistilas cando xa se produciron.
- Promover a colaboración entre todos os responsables do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Organizar espazos e tempos que faciliten a atención á diversidade.
- Por en marcha medidas de prevención encamiñadas a crear un clima de relacións axeitadas na aula.
- Fixar criterios para atender e dar resposta a heteroxeneidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado, dende o currículo ordinario a través de medidas ordinarias, reforzos e recuperacións.
- Fomentar a comunicación entre os distintos profesores de cada etapa, mediante reunións de titores e equipos docentes.
- Colaborar co profesorado na prevención e detección de dificultades de aprendizaxe, e no deseño e aplicación de actividades de avaliación inicial, especialmente co alumnado que comeza a súa escolarización ou que cambia de etapa, así como na planificación e realización de actividades para a solución de ditas dificultades.
- Promover e desenvolver entre o alumnado estratexias de “aprender a aprender”, a través da acción do profesorado.
- Desenvolver medidas de atención á diversidade axeitadas ás características dos alumnos (actividades de reforzo educativo, adaptacións curriculares, agrupamento específico, programas de cualificación profesional inicial,...)
- Facilitar a adecuación do currículo ao alumnado.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado coa aplicación de probas, cuestionarios, entrevistas,...
- Realizar un seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado que presente dificultades.
- Axustar a resposta educativa ás NE dos alumnos.
- Adoptar medidas organizativas sobre formas de agrupamentos de alumnos/as para optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Orientar ás familias para que asuman de xeito responsable a educación dos seus fillos.
- Informar ás familias con fillos con NEEs, e a todas en xeral, para lograr a maior implicación posible no apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe.
- Fomentar a avaliación do proceso de ensino e do de aprendizaxe.

3. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

3.1 Medidas Preventivas

Promover a coordinación vertical no desenvolvemento curricular a través das reunións dos diferentes departamentos didácticos coordinadas polo/a Xefe/a de Departamento.

Potenciar a coordinación horizontal a través das reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Proposta de iniciativas para optimizar os recursos humanos e materiais.

Distribución racional do tempo e do espazo para a mellor organización dos espazos e tarefas escolares.

Coordinación entre os titores e entre as diversas etapas educativas impartidas no centro, especialmente, entre as etapas de primaria e de secundaria.

Elaborar ou revisar aspectos do proxecto curriculares que son competencia do departamento: Plan de Acción Titorial, Plan de Orientación Profesional, tratamento da educación en valores.

Identificar as necesidades educativas dos/as alumnos/as que poidan presentar dificultades no seu desenvolvemento persoal ou educativo. A este fin os profesores realizarán avaliacións iniciais da competencia curricular do alumnado baseándose nos obxectivos mínimos do ciclo ou nivel anterior, poñendo en coñecemento do titor/a aqueles casos de alumnos/as con dificultades significativas.

Colaboración do Dpto. de Orientación co equipo docente correspondente na avaliación inicial dos alumnos novos que se incorporan ao centro e os que inician as etapas de Primaria e ESO. A este respecto o Departamento de orientación procederá aplicar varias probas colectivas aos cursos sinalados, así como a outros. A relación de proba aplicadas en cada curso serán as seguintes:

ETAPA	CURSOS	PROBAS
Infantil	6º	Badyg-I
Primaria	1º	Badyg-E1
	2º	BTI (Batería Tea Inicial)
	3º	ECL-1
	4º	Badyg-E2
	5º	ECL-2
ESO	1º	Badyg-E3
	3º	IPP

O titor/a fará unha recollida de datos dos alumnos da súa titoría, como historial académico, entrevistas co/a alumno/a e a súa familia,..., coordinando a información que proporcionen os distintos profesores.

O Departamento de Orientación aportará os datos relevantes das súas avaliacións psicopedagóxicas, e formulará propostas fundamentadas sobre medidas educativas extraordinarias ou de adaptacións curriculares a adoptar con un ou varios alumnos/as.

Levaranse a cabo accións e actividades preventivas de dificultades de aprendizaxe, como a realización de tarefas de desenvolvemento de capacidades intelectuais de memoria, atención, razoamento lóxico e abstracto,...

Fomento nas aulas, para todo o alumnado, do traballo específico nas áreas instrumentais e habilidades intelectuais básicas.

Promoción de actividades que optimicen o uso da biblioteca no centro para fomentar o gusto pola lectura e o estudo, e así a comprensión lectora.

3.2 Medidas ordinarias.

Reforzo educativo dentro da aula levado a cabo polo profesor de área.

Neste curso académico na etapa de Educación Secundaria aplicaranse as seguintes medidas:

En 1º ESO,??? alumno está exentos de cursar a segunda lingua estranxeira (Francés), recibindo reforzo educativo nas áreas instrumentais por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria.

En 2º ESO, 3 alumnos están exentos de cursar a segunda lingua estranxeira (Francés), estando incluídos en programas de reforzo nas materia instrumentais que contan con atribución horaria.

Ademais hai un grupo de reforzo en L. Castelá , Lingua Galega e Matemáticas no que participan 4 alumnos.

3.3 Medidas extraordinarias.

Realización de adaptacións curriculares nos casos que sexa preciso. O departamento de orientación colaborará, co profesorado correspondente, na súa elaboración así como na súa revisión.

No presente curso está previsto revisar as adaptacións feitas o curso pasado a 1 alumna de 3º e 1 de 5º de EP; a 1 alumno de 3º de ESO.

Deseñar e poñer en práctica as medidas educativas de atención á diversidade necesarias, tras a súa aprobación pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, e se é necesario pola Inspección Educativa.

Apoio das especialistas de P.T. ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, organizado segundo as características deste alumnado e as posibilidades espaciais.

Os apoios organizados neste curso académico na etapa de E. Infantil e E. Primaria e impartidos pola mestra especialista en PT son:

1º EP: 3 alumnos con dificultades de aprendizaxe, pendentes da avaliación inicial.

6º E.I.: Un alumno con TXD (Autismo): 5 sesións semanais na aula de apoio.

3º E.P: Unha alumna con Síndrome de Down e ACS nas áreas instruemntais: 5 sesións semanais na aula de apoio; 1 alumno con dificultades de aprendizaxe : 3 horas semanais na aula de apoio.

4º EP: 1 alumno pendente de avaliación inicial e autorización dos pais

5º E.P: Alumna con ACS en LC, LG e matemáticas: 5 sesións

Apoio da especialista de audición e linguaxe para o alumnado con neae que o precisen, e no caso do 2º ciclo de Educación infantil, co fin de previr o desenvolvemento de condutas lingüísticas problemáticas e promover características funcionais que impidan a aparición destas alteracións.

En canto os apoios da mestra especialista en AL, céntranse principalmente no alumnado de E. Infantil e E. Primaria:

6º E.I: D un alumno con TXD que non comunica (tres sesións semanais completas e dúas medias sesións).

1º E.P: 3 alumnos con múltiples displaías (dúas sesións) (2 Sesions cada un)

3º E.P: 1 alumna con Síndrome de Down; intervención sobre o desenvolvemento da linguaxe, sobre as alteracións da fala e as dificultades de lectoescritura. Dúas medias sesións semanais e duas sesións semanais completas.// 1 alumno en duda hasta a avaliación inicial

4º E.P: 1 alumnos (unha alumna con dislexia) e 1 alumno en duda hasta a avaliación inicial

Os apoios organizados neste curso académico na etapa de E. Secundaria impartidos pola mestra especialista en PT son:

1º ESO: 2 alumnos con dificultades de aprendizaxe

2º ESO.: 2 alumnos con dificultades de aprendizaxe e un alumno con TDAH que acoden á aula de apoio nas áreas instrumentais (e que ademais están exentos de cursar Francés): 3 sesións en linguas e 4 sesións en matemáticas.

3º ESO: 1 alumno con ACS que acode á aula de apoio nas áreas instrumentais (3 sesións nas linguas e 4 sesións nas matemáticas).

O noso centro non conta cos outras medidas de atención a diversidade como poden ser os Programas de diversificación Curricular e a FP Básica, pero o departamento realizará todas as accións necesarias para que os alumnos que se considere oportuno, e previa consulta coas súas familias, podan cursar este tipo de programas en centros próximos.

4. ACTIVIDADES

4.1 ACTIVIDADES RESPECTO AO PROFESORADO

- Asesorar sobre criterios metodolóxicos que poidan previr dificultades de aprendizaxe como poden ser os referidos a agrupamentos, espazos, tempos, etc.
- Entrega e asesoramento sobre a utilización de diferente material de reforzo existente no departa
- Intercambio de información e seguimento , conxuntamente cos titores, na marcha dos alumnos.
- Reunións semanais do orientador coas profesoras de P.T. para coordinar as medidas educativas específicas para un alumno ou para un un grupo de alumnos, coa posible participación dos/as titores/as e as xefas de estudos.
- Coordinación da acción tutorial proporcionando asesoramento e apoio técnico ós/ás titores/as.
- Facilitar ós titores o material que precisen para o desenvolvemento da función tutorial así como a información necesaria sobre o alumnado. Entre este material podemos citar os modelos de recollida de información sobre o alumnado.
- Promoción de reunións e transbase de información entre titores do 6º de EP e de 1º de ESO. A este respecto está previsto realizar unha reunión ao comezo do curso.
- Colaboración na elaboración e desenvolvemento dos proxectos curriculares, especialmente no relativo a aspectos psicopedagóxicos e metodolóxicos.
- Colaboración co profesorado na prevención e detección precoz das dificultades de aprendizaxe e facilitarlle estratexias para atende-la diversidade. Colaborar especialmente na avaliación inicial a levar a cabo co alumnado, incluído aquel que inicia a súa escolaridade.
- Promover e colaborar na formación do profesorado no centro.
- Colaborar co equipo directivo e os Dptos. didácticos ou os profesores respectivos na planificación e seguimento das medidas de reforzo, recuperación e adaptacións curriculares para os alumnos que o precisen.

4.2 ACTIVIDADES RESPECTO AO ALUMNADO

- Prevención, detección e coordinación do tratamento das dificultades de aprendizaxe.
- Levar a cabo a avaliación psicopedagóxica de alumnos que presenten importantes problemas de aprendizaxe e que precisen a adopción de medidas educativas específicas, en colaboración co titor, equipo directivo, familia e equipo específico.
- Atención ao alumnado, por parte das profesoras de PT e AL., do alumnado incluído en algún tipo de programa de reforzo ou con ACS.
- Seguimento das diversas medidas educativas adoptadas cos diferentes alumnos/as.
- O departamento tamén presta especial atención ao alumnos que están incluídos no grupo de reforzo de 2º de ESO.
- Seguimento, a través dunha ficha psicopedagóxica, da evolución do alumnado.
- Coordinación da atención ó alumnado con n.e.e.
- Deseño e coordinación de actividades dirixidas á adquisición polo alumnado de técnicas de estudio, sobre todo, no alumnado do 1º da ESO.
- Realizacións do consello orientador para o alumnado de todos os cursos da eso segundo marca a LOMCE
- Asesoramento aos alumnos sobre a súa situación académico-persoal e sobre o futuro académico-profesional.

4.3 ACTIVIDADES RESPECTO ÁS FAMILIAS

- Orientacións sobre alumnos/as con necesidades educativas de apoio específico.
- Información os pais/nais sobre as medidas de atención a diversidade levadas a cabo cos seus fillo/as.

- Facilitar por medio de cartas, charlas, etc. O coñecemento do novo sistema educativo e futuras conexións académicas e posibilidades profesionais.
- Orientacións as familias tanto individual como colectivamente, para que asuman responsabilidades na educación dos seus fillos.
- Implicar aos pais nas actividades de reforzo e apoio educativo. No caso dos alumnos con medidas de apoio, por parte das profesoras de PT e AL, entrevista inicial entre familia, PT, ou AL e orientador.

4.4 OUTRAS ACTIVIDADES

- Participación nas xuntas de avaliación e colaboración na toma de decisións sobre o alumnado.
- Coordinación con outros Departamentos de Orientación da zona educativa, así coma co Equipo de Orientación Específico e servizos educativos e asistenciais dos concellos ou outras institucións (Cruz Vermella, voluntariado,...) que poidan contribuír o desenvolvemento persoal e académico do alumnado.
- Colaboración con especialistas do equipo de orientación específico para deseñar medidas de atención temperá que respondan ás diversas necesidades educativas especiais.
- Seguimento e avaliación das medidas de atención á diversidade para a súa posible continuación ou mellora no curso seguinte

5. RECURSOS

Como recursos persoais contaremos coa colaboración de todo o profesorado pertencente ao centro e maila axuda, cando sexa preciso, de traballadores/as sociais, membros do Equipo de Orientación Específico, inspección educativa, etc.

Como recursos materiais contaremos entre outros co necesario para realizar avaliacións psicopedagóxicas, reforzos educativos, adaptacións curriculares, etc.

6. AVALIACIÓN

Levarase a cabo unha avaliación en referencia á consecución dos obxectivos previstos, e que será realizada polo Departamento de Orientación, o Equipo Directivo e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

12. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL (POAP)

INDICE

1. INTRODUCCIÓN
 2. OBXECTIVOS
 - 2.1 OBXECTIVOS XERAIS
 - 2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
 3. PRINCIPIOS BÁSICOS DE ACTUACIÓN.
 4. CONTIDOS
 5. ACTIVIDADES
 6. METODOLOXÍA
 7. RECURSOS
 8. AVALIACIÓN
-

1. INTRODUCCIÓN

Os alumnos que cursan E.S.O. inicianse nunha fase de exploración na que empezan a considerar intereses, capacidades e valores. Ao rematar o ensino secundario obrigatorio é cando ten lugar a integración de tales factores e cando se fan as eleccións tentativas sobre o que pode ser o seu futuro académico ou profesional.

O proceso de toma de decisións nesta etapa esixe que o alumno/a integre a representación de si mesmo e a representación que posúe do mundo socio-laboral, confronte as decisións que vai tomando no seu proceso formativo ata chegar a unha decisión final.

Conforme o alumno/a vai conseguindo unha maior madurez persoal e vocacional e obtendo información pertinente, tomará decisións de maior transcendencia, véndose obrigado a reorientar decisións anteriores, ou a efectuar outras novas, xa que o proceso constitúe unha situación de busca permanente de equilibrio que para o seu mantemento precisa de novas informacións e continuas tomas de decisións.

O proceso educativo debe conducilos á aprendizaxe dos mecanismos e das estratexias necesarias para a toma de decisións respecto ao seu itinerario académico e profesional. Isto implica, entre outras tarefas: o coñecemento de si mesmo, o coñecemento do sistema educativo, os accesos e camiños ao sistema produtivo e laboral, os procesos de inserción laboral e o desenvolvemento da "toma de decisións".

2. OBXECTIVOS

2.1 OBXECTIVOS XERAIS

Coordinar a orientación académica e profesional dos alumnos na súa permanencia no centro, especialmente nos cambios de ciclo ou curso e ante a elección de opcións académicas, formativas e profesionais.

Axudar ao alumno/a no coñecemento de se mesmo, así como da estrutura do sistema educativo e do ambiente socio-laboral e profesional.

Propiciar a ensinanza dun método de aprendizaxe que lle permita coñecer os aspectos anteriores e analizar a súa conduta vocacional. Proporcionando ó alumno/a os medios que precisa para conseguir a aprendizaxe en habilidades de busca e tratamento da información.

Potenciar o desenvolvemento de hábitos de análise, reflexión e capacidade crítica para chegar a tomar decisións que conduzan a unha elección madura e responsable de estudos e profesións.

Proporcionar ao alumnado e as familias, informacións sobre a situación actual e as tendencias de mercado de traballo.

2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Fomentar o autoconñecemento dos alumnos, axudando ao alumno/a a coñecer e distinguir as súas aptitudes, preferencias e intereses.

Fomentar o coñecemento dos alumnos sobre as posibilidades académicas e profesionais, proporcionando información sobre as saídas ao rematar a ESO (Ciclos Formativos de FP, bacharelatos, mundo laboral...)

Favorecer o proceso de madurez vocacional, orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais así como as ofertas do seu entorno, que lle facilite elixir responsablemente.

Fomentar o desenvolvemento de habilidades para que analice as características de cada profesión, así como as actitudes e aptitudes esixidas para o exercicio da mesma.

Axudar ao alumno a desenvolver estratexias para afrontar o proceso de toma de decisións.

Promover nos alumnos a elaboración dun proxecto de vida coherente e responsable.

Axudarlles a adquirir destrezas de busca de emprego e toma de contacto co mundo laboral.

Familiarizar ao alumno/a cos problemas que atopará na súa nova relación laboral (contratos, salarios, etc.).

Proporcionarlles información básica en relación con oposicións, concursos, creación dunha empresa, etc.

Informar ás familias sobre o desenvolvemento do programa.

Valorar a formación e información da familia respecto ás posibilidades académico-profesionais do entorno e melloralas.

Valorar a información que o profesorado ten sobre a orientación académico-profesional e contribuír a súa mellora.

Fomentar a coordinación centro – familia – institucións e empresas.

3. PRINCIPIOS BÁSICOS DE ACTUACIÓN.

- O Plan de Orientación Académico e Profesional, polo feito de formar parte do Proxecto Curricular, haberá de ser asumido pola Comunidade Educativa do noso Centro.
- A Orientación académico-profesional desenvolverase no contexto educativo e instrutivo, sendo o equipo educativo, coordinado polo titor ou titora e asesorado polo departamento de orientación, o máximo responsable e coordinador do proceso orientador.
- O proceso de orientación terá en conta os factores do desenvolvemento evolutivo e será un proceso diferenciado que atenderá ás características persoais do alumno e o seu ámbito familiar, social e laboral próximo.
- A elección es un proceso que se pode activar e a orientación é un proceso que se pode aprender.
- A elección escolar ou profesional é un proceso de transformación individual e non se realiza por acumulación de coñecementos e informacións, constrúese activamente a través de experiencias vividas.
- A Orientación conducirá ao alumnado a unha secuencia de opcións ou eleccións mediante os cales este decidirá un proxecto persoal, formativo ou profesional, ao longo das etapas e ciclos de formación.
- A toma de decisións entenderase como un proceso continuo que permitirá ao alumnado tomar decisións de menor a maior transcendencia conforme vaia obtendo a información de si mesmo e das alternativas educativas e profesionais que se lle ofrecen.
- A toma de decisións como acto de elixir entre varias alternativas estará condicionada fortemente por capacidades cognitivas, e como estas se desenvolven no proceso ensino aprendizaxe a súa adquisición realizarase tanto dentro deste coma en accións específicas.
- Durante o proceso de toma de decisións devolverase a responsabilidade da elección a persoa implicada, que debe tomar a decisión con absoluta autonomía.
- Para este proceso (que como dixemos debe ser realizado polo propio alumno/a), este contará coa axuda dos axentes da nosa comunidade educativa (titor, profesores, pais, orientador, etc.).
- Dado que en todo proceso cognitivo o procesamento da información xoga un papel primordial, unha das principais estratexias a seguir en todo proceso de toma de decisións será a busca e tratamento da información relevante e fiable.

4. CONTIDOS

Os contidos organizaranse en torno a cinco eixos:

- Coñecemento de si mesmo:
 - Análise inicial
 - Intereses persoais
 - Aptitudes
 - A miña personalidade
 - O meu rendemento
 - O Entorno familiar e social
- Coñecemento do sistema educativo:
 - Itinerarios educativos, axudas aos estudos, ensinanzas de réxime especial.
- Coñecemento do sistema produtivo e mundo laboral:
 - Perfís profesionais, relacións laborais (tipos de contratos, lexislación laboral,...)
 - Perspectivas de emprego,...
- Coñecemento do proceso de toma de decisións.
 - Que é decidir
 - Quen decide
 - Plan de acción
- Procesos de inserción socio-laboral:
 - Métodos de busca de emprego.
 - Elaboración de documentos (carta de presentación, currículo vitae,...)
 - Organismos de busca de emprego
 - Entrevistas de selección.
 - Información sobre autoemprego e a cultura emprendedora.

5. ACTIVIDADES

As actividades xirarán en torno aos cinco eixos de contidos:

- En relación co coñecemento de si mesmo:
 - Aplicación de cuestionarios de aptitudes e de intereses
 - Realización de cuestionarios sobre preferencias profesionais
 - Pasar cuestionarios de valores e de personalidade.
 - Entrevistas individuais cos alumnos
 - Autoavaliación da propia traxectoria escolar, vendo como se percibe o alumno/a e como analiza o seu rendemento académico.
- En relación co coñecemento do sistema educativo:
 - Explicación do sistema educativo
 - Analizar a estrutura do sistema educativo e as posibles opcións ao rematar o ensino secundario obrigatorio, elaborando carteleiras a este respecto.
 - Charla sobre itinerarios formativos da comarca e provincia. Documentación e información sobre centros (oferta educativa, direccións, teléfonos, etc).
 - Visitas a centros educativos próximos para coñecer a súa oferta de bacharelato ou ciclos formativos. Faranse visitas a centros educativos próximos nos que se imparten estudos de bacharelato e ciclos formativos de diferentes familias profesionais. Os centros elixidos serán confirmados durante o curso. Será fixa este ano a visita ao IES A Cañiza (alumnos de 4º).
 - Actividades de carácter masivo, como charlas ou conferencias sobre estudos superiores
 - Organizar dunha xornadas de orientación, destinada aos alumnos de segundo ciclo de ESO, na que se organizaran charlas sobre as diferentes opcións ó rematar a ESO (bacharelato, ciclos, mercado laboral).
 - Información sobre axudas ó estudio e centros residenciais docentes.
 - Análise e elaboración de deferente documentación e información sobre as materias optativas e itinerarios segundo sexan as súas opcións. (Representación gráfica do itinerario persoal a seguir).
 - Prácticas en técnicas de documentación e consulta (guías, folletos, publicacións, etc.).
 - Reunión cos pais dos alumnos de 2º e 3º de ESO para informalos sobre a elección de optativas cara o vindeiro curso. Esta reunión realizarase no mes de maio
 - Informacións ás familias sobre o desenvolvemento do programa e resultados.
 - Informacións os pais dos alumnos de 4º de ESO sobre as posibilidades de elección que teñen os seus fillos ao remate do presente curso.
- En relación co coñecemento do sistema productivo e mundo laboral:
 - Análise do mercado laboral próximo
 - Visitas a centros de traballo para coñece-la realidade laboral.
 - Actividades relacionadas coa análise de postos de traballo:
 - Traballos en equipo sobre contratos, prestacións,...
 - Confección de documentos como instancias, cartas de presentación e currículum vitae.
 - Actividades de información ás familias sobre as opcións educativas e profesionais para que faciliten o proceso de toma de decisións.
- Coñecemento do proceso de toma de decisións.
 - Facilitar ao profesorado información de carácter académico e profesional relacionado coa súa área.
 - Ver exemplos de problemas decisorios
 - Recortar de periódicos frases que expresan decisións tomadas por certos personaxes.
 - Que os alumnos anoten no encerado decisións de cada día (importantes e non importantes)
- En relación cos procesos de inserción socio-laboral:
 - Elaboración dunha carta de presentación
 - Cumprimentar instancias de solicitude de emprego
 - Elaboración dun currículum vitae
 - Coñecemento de diversas probas de selección de persoal.
 - Análise de noticias e ofertas de traballo en prensa en relación coa identificación de estereotipos sexistas no mundo laboral.
 - Análise das posibilidades de autoemprego que ofrece o mercado laboral.

6. METODOLOXÍA

Empregarase unha metodoloxía activa e participativa, partindo dos intereses do alumnado, e favorecendo o traballo en pequenos grupos e o traballo cooperativo, implicando aos/ás titores/as como mediadores.

A maior parte do programa será implementado a través das sesións de titoría que o grupo ten co seu titor, aínda que tamén se realizarán outras actividades inmersas no propio currículo, nas reunións e entrevistas

coas familias, nas visitas a empresas e centros educativos, no seguimento individual por parte do titor e orientador, en actividades xerais no centro, etc.

7. RECURSOS

No tocante aos recursos persoais podemos contar con recursos humanos dentro do centro: titores, profesorado en xeral e departamento de orientación; e dende fora do centro: equipo de orientación específico, concello, profesorado doutros centros escolares, empresas, CIMO, INEM, etc.

Os recursos materiais que utilizaremos preferentemente será o programa de Orientación Vocacional elaborado polo departamento, aínda que podemos utilizar diferentes partes de outros programas de diferentes editoriais, así como outros medios:

- Programas informáticos como o Orienta.

- Consulta polos alumnos de diferentes paxinas web

- Probas e tests psicométricos.

- Escalas e cuestionarios sobre intereses, aptitudes,...

- Prensa escrita e medios audiovisuais.

8. AVALIACIÓN

Sendo este un programa a desenvolver a través da acción tutorial, o seu seguimento e avaliación será responsabilidade dos equipos de titores constituídos co asesoramento e apoio do departamento de orientación, seguindo procedementos, parámetros e tempos recollidos no Plan de Acción Tutorial.

Non obstante, co obxecto de coñecer a efectividade do programa e revisar aqueles aspectos (obxectivos, estratexias de intervención, recursos, actividades...) que foran susceptibles de mellora no próximo curso, o departamento de orientación levará a cabo unha avaliación específica a través dunha triangulación de métodos:

- Contrastando as experiencias mediante discusións nos equipos de titores.

- Elaborando e aplicando cuestionarios dirixidos a alumnado, pais/nais, e profesorado.

- Realizando estudio de seguimento dos alumnos/as.

- Satisfacción dos membros da comunidade educativa.

- Nivel de implicación da comunidade educativa.

- Análise de noticias de prensa sobre o mundo laboral.

13. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

INDICE:

- 1- INTRODUCCIÓN
2. OBXECTIVOS.
 - 2.1 OBXECTIVOS XERAIS:
 - 2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
3. ORGANIZACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL.
4. ACTIVIDADES
5. RECURSOS
6. AVALIACIÓN

1- INTRODUCCIÓN

A acción titorial pódese definir como o conxunto de accións educativas que se deseñan e realizan nun centro educativo para favorecer no alumnado a aprendizaxe, a integración dos coñecementos e experiencias, a socialización, a toma de decisións e o desenvolvemento da súa personalidade. Por esta razón, débese considerar que a acción titorial está intimamente relacionada co desenvolvemento da función docente. Así entendida, a titoría é un elemento inherente á función docente e ao currículo. Deste xeito estamos afirmando o principio de que todo profesor/a está implicado na acción titorial, con independencia de que de xeito formal fose designado titor/a dun grupo de alumnos/as.

A titoría como elemento inherente á función docente implica unha relación individualizada co alumno/a na estrutura e dinámica das súas actitudes, aptitudes, coñecementos e experiencias de distintos ámbitos educativos.

Co desenvolvemento da función docente a educación vai máis alá dunha simple instrución ou transmisión de coñecementos, ao achegar un enfoque integral e personalizado.

A acción titorial no centro ten como funcións específicas: desenvolver e potenciar as capacidades básicas do alumnado; ofrecerlle ao alumnado orientación co fin de facilitar o seu crecemento persoal e o desenvolvemento dunha personalidade madura, orientalo e asesoralo sobre as posibilidades académicas e profesionais, promover a dinamización do grupo clase e contribuír á elaboración, posta en práctica e revisión dun plan de acción titorial (PAT) no centro.

O plan de acción titorial (PAT) debe promover a coordinación de todos os ámbitos e axentes educativos que inciden nun grupo de alumnos/as dun ciclo ou etapa educativa e debe estar incluído na programación xeral anual e no PEC.

2. OBXECTIVOS.

Tendo como referencia os obxectivos xerais expresados no proxecto curricular de cada etapa e ciclo, as directrices que se dan sobre a acción titorial nos proxectos e as funcións da acción titorial expresadas na introdución, o centro concreta os seguintes obxectivos de acción titorial para as diferentes etapas.

2.1 Obxectivos xerais:

- Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos alumnos/as.
- Optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Coordinar as actuacións educativas do equipo docente.
- Orientar aos pais/nais no seu labor educativa.

2.2 Obxectivos específicos

Os obxectivos xerais anteriores deben ser concretados en función da etapa educativa e de a quen van dirixidos.

A. Con respecto ao alumnado:

1. Na educación infantil.

- Impulsar a integración do alumnado no centro e no grupo clase.
- Coñecer as características persoais, familiares, socioambientais e actudiniais do alumnado.
- Axudar ao alumnado a coñecer o contorno escolar.
- Levar a cabo unha observación sistemática das condutas do alumnado.
- Facilitar a aceptación das diferenzas individuais e a integración do alumnado.
- Potenciar as capacidades e hábitos de autonomía do alumnado.
- Realizar unha detección precoz de posibles dificultades de desenvolvemento ou aprendizaxe.

2. Na educación primaria.

- Coñecer as características persoais, familiares e sociambientais do alumnado.
- Coñecer as diferentes condutas, trazos e estilos de aprendizaxe do alumnado a través de rexistros e escalas de observación.
- Levar a cabo unha detección precoz das dificultades de desenvolvemento e aprendizaxe.
- Potenciar o desenvolvemento das capacidades básicas para a aprendizaxe (atención, memoria, razoamento concreto e abstracto...).
- Favorecer a aceptación das diferenzas individuais e a integración dos alumnos/as con discapacidades e/ou diferenzas de raza ou nacionalidade.
- Fomentar os hábitos de autonomía e coidado persoal.
- Promover o desenvolvemento de habilidades sociais e resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver actitudes de colaboración e respecto a través de modelado.
- Potenciar o proceso de identificación sexual dun xeito crítico respecto aos roles sexuais asignados socialmente.
- Favorecer a autorreflexión e o debate, así como o diálogo para resolver situacións conflitivas.
- Desenvolver un nivel axeitado de autoconceito e autoestima.
- Potenciar unhas técnicas e hábitos de estudo axeitados.

3. Na educación secundaria

- Coñecer as características persoais, familiares e sociambientais do alumnado.
- Impulsar a integración do alumnado no grupo clase.
- Facilitar o coñecemento do alumnado da estrutura organizativa do centro e potenciar a súa participación a través dos seus órganos .
- Favorecer o desenvolvemento dun autoconceito e autoestima axeitados.
- Promover as habilidades sociais, autoestima, resolución de conflitos e a igualdade.
- Facilitar estratexias de aprendizaxe que aumenten a súa eficacia no proceso ensino-aprendizaxe.
- Propiciar a adquisición dun talante aberto, democrático e participativo, tanto nas relacións cos compañeiros/as como na realización de actividades.
- Detectar dificultades de aprendizaxe e darlles unha resposta axeitada.
- Promover unha conciencia de respecto polo contorno, é dicir, ser conscientes dos actos destrutivos sobre os obxectos, así como os realizados cara á natureza.
- Realizar unha avaliación sumativa do proceso de ensino-aprendizaxe para poder axustar a axuda pedagóxica.

B. Con respecto ao profesorado.

- Coordinar o labor docente cos e coas especialistas que participen na intervención educativa cos alumnos/as que presentan NEE.
- Coordinar o traballo nas titorías e asesorar no desenvolvemento da función titorial.
- Colaborar na detección de problemas educativos, de desenvolvemento ou de aprendizaxe do alumnado.
- Asesorar en cuestións prácticas de organización e agrupamento do alumnado, en especial no tratamento flexible na diversidade de aptitudes, intereses e motivacións.
- Coordinar e planificar as actividades de avaliación.
- Axustar as programacións ás necesidades detectadas.
- Asesorar e coordinar a avaliación e promoción interciclos.

C. Con respecto ás familias

- Fomentar a participación dos pais/nais nas actividades propostas pola escola.
- Informar aos pais/nais a cerca da marcha dos seus fillos/as.
- Asesoralos ante situacións de conflito ou problemáticas.
- Solicitarlles colaboración nas actividades de reforzo e apoio escolar.

3. ORGANIZACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL.

3.1 Designación dos titores/as.

Cada grupo de alumnos/as terá un profesor/a titor/a que será designado polo director/a, por proposta dos xefes/as de estudos, oído o xefe/a do departamento de orientación. A proposta de titores/as realizarase, na medida do posible, en base aos seguintes criterios:

Profesores/as que imparten unha materia común a todos os alumnos/as do grupo.

Mayor nº de horas semanais de docencia ao grupo de alumnos/as.

Profesores/as que xa realizaran labores titoriais en cursos anteriores.

Profesores/as que manifesten unha boa capacidade empática e boa disposición á comunicación.

Profesores/as con boa disposición cara á formación e autoformación en materia de orientación escolar, académica e profesional.

3.2 Horario semanal de actividades tutoriais dos diferentes axentes de acción tutorial.

Tanto en primaria como secundaria cada profesor/a titor/a terá un hora semanal na que atenderá a todos os alumnos/as do grupo clase e na que desenvolverá as actividades previstas, para o dito fin, no presente plan de acción tutorial.

Para a atención aos pais/nais todo profesor/a titor/a contará cunha hora semanal. A inicio de curso cada profesor/a titor/a enviará aos pais/nais un carta de presentación, na que se informará do horario no que o titor/a estará a disposición dos pais/nais.

Para a coordinación do profesorado en primaria contémpase unha hora semanal de reunión de ciclo.

4. ACTIVIDADES

A planificación de actividades tutoriais dependerá principalmente de tres factores: A etapa educativa, o momento do curso de que se trate e os destinatarios/as .

En relación á primeira variable contémpanse actividades para as diferentes etapas presentes no centro: infantil, primaria e ESO. No relativo á temporalización, farase unha planificación por trimestres. Por último, e en función dos destinatarios/as das actividades, contémpanse actividades dirixidas aos alumnos/as, aos pais/nais e actividades de coordinación entre o profesorado a relación de actividades atópase nun

ANEXO

ao respecto.

5. RECURSOS

Neste apartado debemos diferenciar entre o que serían recursos persoais e recursos materiais. Nos recursos persoais incluíríamos aos integrantes do departamento de orientación, os tutores/as e diferentes persoas que ao longo do curso impartan charlas sobre diferentes temas aos alumnos/as.

Como recursos materiais contariamos con material elaborado polo departamento de orientación (programa de hábitos e técnicas de estudo, programa de orientación académico-profesional) e material de diferentes editoriais existente no mercado. Como exemplo citar que en primaria se empregará os cadernos “Ser, convivir e pensar” (editorial ICCE).

Por último, sinalar as diferentes visitas e excursións planificadas anualmente para os diferentes grupos.

6. AVALIACIÓN

Esta levarase a cabo en dous momentos diferentes: Unha primeira durante a implementación do propio plan e outra ao rematar a aplicación parcial ou final.

Con respecto á primeira delas, será realizada polos propios tutores/as e o departamento de orientación, e consistirá na valoración da adecuación das actividades propostas, permitindo a modificación daquelas

actividades consideradas nalgunha medida inadecuadas para o fin para o que foron propostas.

A segunda avaliación será realizada ao finalizar cada trimestre e ao rematar cada curso escolar. Esta será realizada, por unha parte polos propios participantes (profesores/as, pais/nais e alumnos/as), e por outra polo departamento de orientación e polo equipo directivo.

14. ACTIVIDADES PLAN LECTOR.

O departamento colaborará coas iniciativas que dende calquera departamento ou ciclo se poñan en marcha para o fomento da lectura.

A través dos reforzos e apoios das profesoras de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe realizaranse actividades de comprensión lectora e actividades de lectura, encamiñas á mellora da exactitude e velocidade lectora dos alumnos alumnas.

Tamén se fomentara nos alumno/as o uso da biblioteca tanto para consultas na propia dependencia como para o uso do sistema de préstamo de libros.

15. ACTIVIDADES PLAN TIC.

Dende o departamento tentarase que os alumnos e alumnas fagan uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, así nas aulas de PT e AL empregaranse programas informáticos gratuítos (tipo Clic) para traballar diferentes aspectos das áreas instrumentais como ortografía, cálculo e resolución de problemas, etc.

Nas aulas antes citadas tamén se empregara na área de lingua galega o dicionario visual interactivo existente na páxina de contidos do Portal Educativo da Consellería. Do mesmo xeito se empregaran diferentes programas informativos existentes no mercado como o titulado “Activa Tu Mente”.

A nivel de orientación académico-profesional empregaranse diferentes recursos tics como programas informáticos tipo “ORIENTA” ou o acceso a diferentes páxinas webs.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

SAÍDAS DIDÁCTICAS:

Xornadas de portas abertas do IES A Cañiza.

Data: 2º trimestre.
Destinatarios alumnos de 4º de ESO.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Charlas relacionada coa Educación para a Saúde (contidos por concretar, entre outros os seguintes):

Obradoiro de sexualidade: COF Ribadavia. 3º de ESO.
Programa Galego de prevención de trastornos aditivos (Consellería de sanidade).
Destinado a alumnos de de 3º e 4º de ESO.

Programa Katorce-18: Programa de prevención de condutas infractoras para alumnado de 2º a 4º ESO, familias e profesorado (impartido pola Asociación Arela en colaboración coa Fundación Barrié).

Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos, para alumnado de EP e ESO, familias e profesorado.

Centro Quérote +: Obradorio de convivencia, para alumnado de 2º e 3º ESO.

San Roque de Crespos, 26 de Setembro de 2016

A xefa do departamento de orientación,

Asdo.: Ariana Fdez Alvarez

ANEXOS

PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIALES

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN- XUSTIFICACIÓN
2. DESTINATARIOS
3. OBXECTIVOS
4. CONTIDOS
5. METODOLOXÍA
6. TEMPORALIZACIÓN
7. RECURSOS
8. ACTIVIDADES
9. AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN-JUSTIFICACIÓN

As Habilidades Sociais (H.S) foron tratadas por numerosos autores en diferentes escolas, un dos máximos expoñentes é Solter, recoñecido como pai da terapia de conduta, quen en 1949 incluíu o término baseado na necesidade de aumentar a expresividade dos individuos, algunhas das súas suxestións son utilizadas na actualidade.

Dende esa data e ata a actualidade han xurdiron miles de criterios que distan máis o menos do primeiro, sen embargo mantense a esencia. Entre eles pódese encontrar expoñentes como: Wolpe (1958), Alberti &

Emmens (1978), Linehan (1984), Phillips (1985), Curran (1985), Argyle & Kedon (1987) e finalmente Caballo quen en 1987 emite un criterio co que a maior parte dos investigadores traballan na actualidade o tema.

Os traballos baséanse na realización un E.H.S (Entrenamento en Habilidades Sociais) que está matizado por un conxunto de técnicas que axudan a desenvolver solucións referidas ao déficit de Habilidades Sociais en áreas e/ou momentos específicos de la vida dun individuo, ou unha problemática que se desencadena a raíz do intercambio social, sen embargo non existe referencia que permita valorar elementos internos ou externos que actúen como determinantes na formación de habilidades sociais.

En cambio, o estudio das habilidades de interacción social experimentou un notable auxe nos últimos anos. Aumentado sensiblemente o número de reunións de publicacións científicas sobre o tema desenroláronse gran variedade de programas e procedementos de tratamento para aumentar a competencia social, aparecendo incluso variadas publicacións divulgativas sobre o tema, de forma que, dende profesionais de moi diversos campos ata calquera suxeito focalizan a súa atención no que se a chamado competencia social, habilidades sociais, asertividade e habilidades para a interacción, entre outras denominacións.

A experiencia persoal cotiá indícanos que pasamos un alto porcentaxe do noso tempo cotiá en algunha forma de interacción social xa sexa diádica ou en grupos e temos experiencia de que as relacións sociais positivas son una das maiores fontes de autoestima e benestar persoal. Ao mesmo tempo, comprobamos que a competencia social dun suxeito, ten una contribución importante na súa competencia persoal posto que hoxe en día o éxito persoal parece estar máis relacionado coa sociabilidade e as habilidades interpersoais que coas habilidades cognitivas e intelectuais. Podemos dicir, por tanto, que neste momento a competencia social é unha das áreas de investigación máis fecundas e está exercendo un notable protagonismo dentro da psicoloxía contemporánea.

Estes estudos débense a que cada vez con maior frecuencia, a sociedade mostrase máis preocupada pola presenza nas aulas dalgúns alumnos que presentan problemas serios de comportamento. Algúns alumnos compórtanse de maneira groseira e desconsiderada; mostran unha elevada e inxustificada agresividade física e verbal, dirixida cara outros compañeiros, profesores e pais o titores legais. Outros móstranse moi retraídos, con gran illamento social: non falan nin se relacionan con outros compañeiros nin cos profesores, e mostran ese mesmo comportamento na casa encerrados nas súas habitacións. Ademais manifestan moi pouco interese polo seu aprendizaxe, algúns participan en pandillas que consumen alcohol e outras drogas, cometen actos vandálicos no Centro Educativo e fora del.

Investigacións recentes puxeron de manifesto que un factor de gran relevancia que explica estes comportamentos é a falta de certas habilidades para desenvolverse de maneira eficaz con outros individuos: iguais, menores, autoridades...

Dita preocupación e estes estudos desembocaron en dar un papel cada vez máis importante ás habilidades sociais nas escolas e así a LOE 2/2006 que rixe a educación en España sinala como unha das competencias básicas para a educación a competencia social e cidadá, ademais de engadir outras competencias relacionadas directamente coas Habilidades Sociais.

2. DESTINATARIOS

Idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos: alumnos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.).

3. OBXETIVOS:

O programa pretende a promoción das habilidades sociais do alumnado fomentando actitudes, ensinando condutas e recursos persoais de convivencia positiva cos iguais e cos adultos e previndo problemas de adaptación e de relación.

A meta principal é a promoción da competencia social dos nenos e adolescentes do CPI Padrenda-Crespos. o que significa o seu desenvolvemento e fomento das relacións interpersoais positivas cos iguais e cos adultos do seu entorno social.

Para lograr esta meta principal e xeral deberase conseguir primeiro uns obxectivos máis específicos referidos a que os alumnos:

Desenvolvan habilidades de comunicación interpersoal e diálogo.

Sexan máis asertivos e diminúan condutas tanto de inhibición como de agresión e falta de respecto cara os demais.

Xestionen e expresen as súas emocións e recoñezan y respecten as doutras persoas.

Logren ser máis positivos consigo mesmos e máis prosociais nas súas relacións interpersoais.

Aprendan a afrontar e/ou evitar os problemas que xorden das interaccións sociais difíciles.

Consigan ter unha relación boa cos adultos que os rodean.

É dicir buscamos que os alumnos/as se comuniquen máis e mellor, desenvolvan un estilo asertivo de relación, sexan emocionalmente intelixentes, sexan máis positivos con eles mesmos e cos demais, afronten de forma competente as interaccións sociais complexas e que sexan capaces de crear una boa relación cos adultos que os rodean.

Máis adiante nas fichas marcaremos obxectivos máis concretos de cada unha de elas pero tamén vamos especificar os obxectivos do programa segundo a habilidade e a etapa que se imparta, xa que non será a mesma forma de planear a actividade a un alumno de infantil que a un de Secundaria.

EDUCACIÓN INFANTIL

- Facer conscientes aos nenos e nenas da importancia da comunicación verbal e non verbal.
- Iniciar e rematar conversacións, facendo fincapé no saúdo e na despedida.
- Practicar a habilidade de escoitar cando os demais falan e respectar a quenda de palabra.
- Guiar ao alumno/a no seu actuar diario, orientándoo, corrixíndoo e derivando a súa conduta cara o estilo asertivo, (identificando os seus dereitos e defendelos en situacións habituais, fila, patio, aula, casa.)
- Identificar os seus deberes e aprender a importancia de realizalos.
- Diferenciar entre emocións positivas e negativas básicas.
- Aprender a recoñecer e emitir emocións positivas (alegría, cariño e diversión).
- Aprender a recoñecer e emitir emocións negativas (enfado e tristeza).
- Animar aos nenos e nenas a que se digan cousas positivas a eles/as mesmos/as.
- Estimular a que digan cousas positivas tamén aos demais.
- Dicir que non nos gusta o que fan outros nenos ou nenas.
- Escoitar o que non lles gusta aos demais do que nos facemos.
- Responder as burlas, insultos e agresións.
- Aprender a pedir axuda e favores cando o necesiten: poñerse o abrigo, abrocharse os cordos...

EDUCACIÓN PRIMARIA

- Tomar conciencia da importancia da comunicación non verbal nas relacións interpersoais.
- Utilizar a comunicación verbal e non verbal cando nos comunicamos con outras persoas.
- Practicar correctamente aspectos da comunicación como son: respectar a quenda de palabra, escoita activa, repostas ás preguntas, expresión correcta de opinións e desxeos ...
- Axudar ás nenas e nenos a identificar os tres estilos de relación interpersoal e a actuar de maneira asertiva.
- Recoñecer os seus deberes e dereitos asertivos e actuar conforme a ambos.
- Diferenciar entre emocións positivas e negativas básicas.
- Aprender a recoñecer e emitir emocións positivas (alegría, cariño e diversión).
- Diferenciar e etiquetar distintas emocións negativas.

- Identificar e expresar adecuadamente as propias emocións negativas e recoñecer as dos/as demais.
- Acostumar aos nenos e nenas a que se digan cousas positivas a eles/as mesmos/as.
- Facer cumpridos e eloxios aos seus compañeiros e compañeiras.
- Expresar críticas e queixas cando algo ou alguén te molesta.
- Aprender a recibir críticas e afrontar as consecuencias dos nosos actos.
- Defenderse e responder ás burlas, humillacións e desprezos.
- Aprender a recoñecer, evitar e afrontar as situacións de maltrato e/ou abuso por parte dos seus iguais.
- Saber crear un ambiente positivo e de respecto na relación cos adultos.

EDUCACIÓN SECUNDARIA

- Reflexionar sobre a comunicación interpersoal e analizar algúns dos elementos que interveñen nela.
- Utilizar a comunicación verbal non verbal utilizando as regras cando nos comunicamos con outras persoas.
- Coñecer os aspectos que favorecen e/ou dificultan a comunicación interpersoal.
- Practicar a escoita activa e Mensaxes EU.
- Identificar e diferenciar as características dos tres estilos de relación interpersoal: inhibido, asertivo e agresivo. Tomar conciencia da importancia de actuar de forma asertiva.

- Analizar as consecuencias dos diferentes estilos de relación interpersoal.
- Recoñecer os seus deberes e dereitos asertivos t actuar conforme a ambos.
- Por en práctica a defensa dos seus dereitos e ser conscientes da importancia de realizar os seus deberes.
- Diferenciar e etiquetar distintas emocións positivas.
- Identificar e expresar adecuadamente as propias emocións positivas.
- Recoñecer as emocións positivas dos y das demais.
- Diferenciar e etiquetar distintas emocións negativas.
- Identificar e expresar adecuadamente as propias emocións negativas.
- Recoñecer as emocións negativas dos e das demais.
- Acostumarse a dicirse as cousas positivas a un/unha mesmo/a.
- Dicir cousas positivas aos compañeiros/as.
- Responder adecuadamente aos eloxios que no fan.
- Coñecer algunhas das súas calidades, logros, puntos débiles e fortes.
- Aceptarse e valorarse tal como se e.
- Ofrecer axuda, apoio e consolo a outras compañeiras, tanto dentro como fora da aula.
- Expresar críticas e queixas cando algo ou alguén te molesta.
- Permanecer tranquilos cando se recibe un comentario crítico.
- Responder cando nos fan unha crítica inxusta.
- Responder ás burlas, humillacións e desprezos.
- Defenderse en caso de presións intimidacións e acoso.
- Aprender a recoñecer, evitar e afrontar as situacións de maltrato e/ou abuso por parte dos seus iguais.
- Pedir axuda cando se encontren nunha situación persoal conflictiva e non podan resolvela solos/as.
- Iniciar e manter conversacións con persoas descoñecidas.

4. CONTIDOS

O programa vámolos a estruturar en 6 módulos e en dez habilidades sociais. Elixíronse seis módulos que corresponden a áreas básicas e xerais para o funcionamento interpersoal:

- I. A comunicación
- II. As relacións interpersoais e a asertividade
- III. As emocións
- IV. As interaccións sociais positivas
- V. Problemas e respostas nas interaccións sociais difíciles
- VI. Habilidades para relacionarse con adultos

Dentro de cada módulo inclúense dúas habilidades:

1. Comunicación verbal e non verbal.
2. Expresar e escoitar activamente.
3. Relación asertiva.
4. Deberes e dereitos asertivos.
5. Emocións positivas.

6. Emocións negativas.
7. Pensar e dicir o positivo.
8. Axuda, apoio e cooperación.
9. Críticas, queixas e reclamacións.
10. Burlas, agresións e intimidacións.
11. Conversar con adultos.
12. Solucionar problemas con adultos.

METODOLOXÍA

Este programa está deseñado co fin de adquirir unhas condutas básicas interpersoais para a convivencia dos alumnos dentro e fora da aula. O procedemento de ensinanza é basicamente o “aprendizaxe por experiencias” con reforzo social positivo con eloxios. O proceso o poderemos dividir en: reflexión inicial, modelado, práctica, feedback e reforzamento; para finalizar tarefas que realizarán fora da aula.

En síntese cada práctica levará a cabo un procedemento instrucional para o aprendizaxe de unha habilidade de interacción social e contemplaría os seguintes puntos:

Presentación verbal e debate en torno á habilidade.

Demostración como se pon en xogo a habilidade e as súas partes.

Provisión de oportunidades de ensaio e practicar a habilidade baixo a supervisión do profesor, en situacións ficticias.

Reforzamento pola execución adecuada e polas melloras.

Diálogo, debate e reflexión final.

Planificación de oportunidades para practicar a habilidade en situacións novas, non directamente supervisadas polo profesorado.

O formato de ensino pode ser individual, de pequeno grupo e de grupo grande.

Individual: É aconsellable a súa utilización cando o alumno presenta graves problemas défcits sociais, por exemplo elevado nivel de agresividade física ou alto grao de retraemento. Non é conveniente utilizar só a díada polo que, en canto sexa posible, hai que combinalo co pequeno grupo para que o alumno ensaie e practique con outros/as nenos/as as habilidades que aprende na situación de ensino individual co profesor.

Pequeno grupo (tres o catro alumnos). Sólese utilizar con alumnos que presenten deficiencias sociais importantes. Neste caso é aconsellable incluír un ou dous nenos con dificultades sociais xunto a outro/s alumno/s con adecuada competencia social. É conveniente incluír algún compañeiro co que o alumno con dificultades estableza interaccións sociais positivas agradables.

Gran grupo (sobre vinte alumnos). Este formato utilízase coa clase total en aulas ordinarias. É basicamente nos momentos de debates antes despois de cada actividade

TEMPORALIZACIÓN

O programa de intervención está pensado para ser levado a cabo ao longo dun curso escolar, en Infantil e Primaria serían 14 horas lectivas que se desenvolverían na aula cando o titor considere oportuno apoiándose nas fichas que crea necesario das que vamos presentar. Mentres en secundaria si que se pode temporalizar máis precisamente xa que dispoñen dunha hora de titoría, serían unhas 14 sesións de titoría. Claro está que dependerá dos bloques que queira traballar cada titor na aula, poderá escoller unhas ou outras e segundo as necesidades do seu grupo-clase se podería realizar una cantidade inferior e deixar outras para cursos posteriores.

7. RECURSOS

- Persoais
 - Orientador/a
 - Alumnos/as
 - Titor/a
- Materiais
 - Textos
 - Materiais funxibles (lapis, bolígrafos, folios...)
 - Ordenador
- Organizativos
 - Aula/centro.

8. ACTIVIDADES

- Módulo I: A Comunicación.
 - Sesión 1: Coñecemos a comunicación.
 - Sesión 2: As emocións.
- Módulo II: As emocións.
 - Sesión 3: Emocións positivas.
 - Sesión 4: Emocións negativas.
- Módulo III: Evitamos problemas.
 - Sesión 5: Interaccións sociais negativas
 - Sesión 6: facer fronte ás provocacións
- Módulo IV: Relacións positivas.
 - Sesión 7: Interaccións sociais positivas.
 - Sesión 8: Empatía
- Módulo V: As relacións interpersoais e a asertividade.
 - Sesión 9: A asertividade
 - Sesión 10: Coñecemos os nosos deberes e dereitos asertivos.

9. AVALIACIÓN.

Nesta distinguiremos dous tipos: avaliación do proceso de ensino e avaliación do proceso de aprendizaxe.

Na avaliación teremos en conta tres cuestións fundamentais: “que avaliar”, “como avaliar” e “cando avaliar”.

A cuestión “que avaliar” refírese á avaliación do proceso de aprendizaxe (alumnado), ao proceso de ensinanza (profesorado) e ao propio programa.

Con respecto á avaliación do alumnado esta farase tendo en conta os seguintes criterios:

Desenvolver habilidades de comunicación interpersoal e diálogo.

Xestionar e expresar as súas emocións e recoñecer e respectar as de outras persoas.

Lograr ser máis positivos consigo mesmo e máis prosociais nas súas relacións interpersoais.

Aprender a afrontar e/ou evitar os problemas que xorden das interaccións sociais difíciles.

Ser máis asertivos e diminuír condutas tanto de inhibición coma de agresión e falta de respecto cara os demais.

Con respecto á avaliación do profesorado, sinalar que está realizarse mediante a observación da propia práctica docente, aspecto que posibilitará a introdución de cambios a fin de melloralas. Terase en conta a eficacia das súas intervencións e modificaranse estas segundo transcorra o programa para adecualas as necesidades do alumnado.

Finalmente, e con respecto á avaliación da efectividade do propio programa teranse en conta a valoración de todos os aspectos deste (obxectivos, contidos, recursos empregados, metodoloxía, temporalización...), e a súa adecuación ás necesidades do alumnado co fin de introducir melloras.

